

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:


D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernández
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. María Jesús Novo Gómez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luís Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez



Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 09:00 horas do día nove de decembro de dous mil trece, xuntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Comeza a sesión coa ausencia dos concelleiros D. Álvaro Fontecoba Vázquez, sen causa xustificada e de Dna. Ana Ledo Fernández que se incorpora no punto 2.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos, incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA SESIÓN

Pola Alcaldía móvase a urxencia na celebración desta sesión, na necesidade de aprobar estes expedientes de modificación de créditos que veñen na orde do día para publicar o acordo e que entren en vigor no exercicio 2014, dotando crédito para gastos necesarios ordinarios urxentes que deben ser atendidos dentro deste exercicio, tendo en conta que o período de exposición pública destes expedientes é de 15 días hábiles. Xustifica que a convocatoria non

fose realizada con dous días de antelación xa que dependía da efectiva recaudación de ingresos do capítulo 3 para poder tramitar parte destas modificacións, chegada de facturas de cultura, así como cálculo das asistencias de altos cargos a sesións para ver canto podía sobrar da partida para transferir a gastos de persoal.

Por unanimidade dos presentes, con nove votos a favor, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

UNICO.- Aceptar en aplicación do artigo 79 do RD 2568/1986 a urxencia desta sesión.

2.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MC Nº 31/2013 SUPLEMENTO DE CRÉDITO 6/2013

Pola Secretaría dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE DO 9 DE DECEMBRO DE 2013

Visto o expediente para modificación a realizar no Orzamento do exercicio 2013, á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio anterior 2012 e con maiores ingresos recaudados sobre os previstos inicialmente nos capítulos 1 e 3 de ingresos, tal e como segue:

Visto informe de secretaría intervención a esta modificación de data 5/12/2013 e as advertencias nel contidas . Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2013

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio anterior 2012 e con maiores ingresos recaudados sobre os previstos inicialmente no capítulo 3 de ingresos, tal e como segue:

Suplemento para inversións equipamento cultural 33.5L.62300, a financiar con remanente de tesourería de exercicio 2012 676,40€

E de 39.511,58€ para a partida 23.13101 gastos persoal laboral temporal Residencia con novos ou maiores ingresos, efectivamente recaudados sobre os previstos.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados se é que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6 e tampouco no capítulo 2 con partidas xa en negativo relacionadas con este suplemento.

Cuarto . - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública

Quinto . - Tramitar o expediente de modificación do anexo de inversións afectado polo suplemento na partida de inversións de equipamento cultural, aplicando o procedemento regulado no artigo 169 do TRLRFL, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública

Sexto . - Ordear ós servizos contabeis de intervención o rexistro efectivo deste expediente de rematar o período de información pública sen alegacións e antes da publicación da aprobación definitiva.

Boimorto 5 de decembro de 2013

O Alcalde :

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Pola Alcaldía explícase esta modificación, indicando que por mesas e calefactor excedéronse do gasto subvencionado pola Diputación Provincial para cultura en 600€ e pico, por iso e necesaria a modificación da partida. Sinala o Alcalde que se obtiveron máis ingresos xa recaudados no capítulo 3 de ingresos sobre os previstos inicialmente que permiten incrementar e dotar de crédito en partidas de gasto, di que principalmente foi polos ingresos recaudados da Residencia (sendo as 9:05 horas entra a concelleira do PsdG - PSOE D^a Ana Ledo), polo que decidiuse dotar máis gastos, por 39.000€ .

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito financiado con Remanente de tesourería, para gastos xerais do exercicio anterior 2012 e con maiores ingresos recaudados sobre os previstos inicialmente no capítulo 3 de ingresos tal e como segue:

Suplemento para inversións equipamento cultural 33.51.62300 a financiar con remanente de tesourería de exercicio 2012 676,40€

E de 39.511,58€ para a partida 23.13101 gastos persoal laboral temporal Residencia, con novos ou maiores ingresos efectivamente recaudados sobre os previstos.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinado se é que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

Terceiro.-Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6 e tampouco no capítulo 2, con partidas xa en negativo relacionadas con este suplemento.

Cuarto . - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública

Quinto . - Tramitar o expediente de modificación do anexo de inversións afectado polo suplemento na partida de inversións de equipamento cultural, aplicando o procedemento regulado no artigo 169 do TRLRFL, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública

Sexto . - Ordear os servizos contabeis de intervención o rexistro efectivo deste expediente de rematar o período de información pública sen alegacións e antes da publicación da aprobación definitiva.

3.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MC Nº 32/2013 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 10/2013

Pola Secretaría dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA O PLENO MUNICIPAL EXTRAORDINARIO URXENTE DE DATA 9/12/2013

Na execución do orzamento municipal para facer fronte a gastos de persoal laboral da Residencia de Boimorto, e tendo en conta que poden facerse transferencias de crédito entre partidas para dar cobertura a gastos neste caso de persoal; non orzamentados correctamente os gastos de persoal laboral temporal de servizos sociais auxiliares de axuda no fogar que tiraron do crédito de persoal da residencia, cuxos ingresos tampouco foron ben orzamentados o que fixo que mermaran partidas por bolsa de vinculación en servizos sociais, faise necesario este expediente de transferencia de créditos.

Visto o informe de secretaria intervención que consta no expediente de data 5/12/2013, en uso das facultades outorgadas legalmente e en aplicación da Base 14 das bases de execución do orzamento municipal do 2013, polo presente, propono, que o Pleno municipal **ACORDE**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son, en aumento:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
23.13101	Servizos sociais, laboral temporal residencia	+4.000€
TOTAL EN AUMENTO		+4.000€

En diminución:

PARTIDAS EN DISMINUCIÓN		
Partida Presupostaria		Importe Euros
91.23000	Órganos de goberno asistencias	-4.000€
TOTAL EN DISMINUCIÓN		-4.000€

SEGUNDO . - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 169 do TRLRFL, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

TERCEIRO . - Ordear os servizos contabeis de intervención o rexistro efectivo deste expediente de rematar o período de información pública sen alegacións e antes da publicación da aprobación definitiva.

Di o Alcalde que esta transferencia permite modificar partidas de altos cargos sacando crédito que non é necesario e pasándoo á partida de gastos de persoal de servizos sociais mal dotada inicialmente.

Por unanimidade dos presentes, con dez votos a favor, catro dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son, en aumento:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
23.13101	Servizos sociais laboral temporal residencia	+4.000€
TOTAL EN AUMENTO		+4.000€

En disminución:

PARTIDAS EN DISMINUCIÓN		
Partida Presupostaria		Importe Euros
91.23000	Órganos de goberno asistencias <input type="checkbox"/>	-4.000€
TOTAL EN DISMINUCIÓN		-4.000€

SEGUNDO . - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 169 do TRLRFL, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública

TERCEIRO . - Ordear os servizos contabeis de intervención o rexistro efectivo deste expediente de rematar o período de información pública sen alegacións e antes da publicación da aprobación definitiva.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 09:10 horas do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez